

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 25 de setembro de 2023 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e no Paraninfo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación das actas correspondentes á sesión ordinaria do 20 de xuño de 2023 e á sesión extraordinaria do 26 de xuño de 2023.
- * Aprobación do procedemento para a realización, tratamiento e presentación de resultados das enquisas de avaliación docente do profesorado.
- * Aprobación da extinción do título de Máster en Administración e Dirección de Empresas (MBA).
- * Aprobación do calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2025/2026.
- * Aprobación da modificación do Regulamento do réxime interno do CACTI.
- * Aprobación da modificación do Regulamento de réxime interno de atlanTTic.
- * Aprobación da modificación do Regulamento de réxime interno do CISPAC.
- * Aprobación da modificación, da denominación da Spinoff “PRISMATRIX”.
- * Aprobación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Relacións Internacionais.
- * Aprobación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Bioloxía.
- * Aprobación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Dirección e Xestión Pública.
- * Elección dos membros da Comisión de Convivencia e Bo Goberno:
 - Sector PDI:
 - Patricio Sánchez Fernández (Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo – Ourense)
 - M^a José Vázquez Figueiredo (Facultade de Educación e Traballo Social – Ourense)
 - Sector estudiantes:
 - Nerea Ferreiro Fernández (Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo - Vigo)
 - Sandra M^a Martínez Gómez (Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo - Vigo)

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Universidade de Vigo

Detectado erro no punto 4 da orde do día, da convocatoria do Consello de Goberno, do 25 de setembro de 2023, en consecuencia tamén na publicación dos acordos correspondentes a dita sesión, e consonte ao establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, que dispón que *as Administracións Públcas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os errores materiais, de feito ou aritméticos existentes no seus actos.*

ESTA SECRETARÍA XERAL RESOLVE

Primeiro: Emendar o erro na convocatoria, de xeito que,

Onde di:

4. Aprobación, se procede, da extinción do título de Máster en Administración e Dirección de Empresas (MBA).

Debe decir:

4. Aprobación, se procede, da extinción do título de Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MBA).

Segundo: Emendar o erro na publicación dos acordos, de xeito que,

Onde di:

- * Aprobación da extinción do título de Máster en Administración e Dirección de Empresas (MBA).

Debe decir:

- * Aprobación da extinción do título de Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MBA).

A SECRETARIA XERAL

(asinado dixitalmente)